

A CORUÑA

1. Albergue Xuvenil Marina Española (Sada)
2. Albergue Xuvenil Gandarío (Bergondo)
3. Campamento Xuvenil Furelos (Melide)
4. Campamento Xuvenil Virxe de Loreto (Porto do Son)
5. Campamento Xuvenil Espiñeira (Boiro)
6. Granxa Zoo Grixalba (Sobrado dos Monxes)
7. Granxa Escola Bergando (Negreira)
8. Albergue Monte do Gozo (Santiago de Compostela)
9. Granxa Escola Garatuxa (Mesía)
10. Albergue municipal de Cabana de Bergantiños
11. Centro de Formación e Experimentación Agroforestal (Sergude) **NOVO**

1. ALBERGUE XUVENIL MARINA ESPAÑOLA (Sada)

Lg. Corbeiroa, s/n, Sada (A Coruña)

A 1,5 km de Sada (A Coruña), na estrada a Betanzos.

T. 881 880 984

Edificio de 4 andares a carón do mar con aloxamento en cuartos de 6 camas e aseo integrado. Dispón de salas de xuntanza, salón de usos múltiples, sala de xogos, pistas deportivas, polideportivo cuberto e espazos ao aire libre.

Os exteriores e os accesos ás zonas comúns están adaptados parcialmente. Só a planta primeira ten o aseo adaptado.

As habitacións teñen maioritariamente liteiras. Carece de ascensor.



✓ AVENTURA NAS MARIÑAS

ACTIVIDADES

Actividades deportivas: takraw/voleipé, goalball e boccia; **de aventura e natureza:** xeocaptura, aula de natureza, obradoiro de fotografía, praia e construcións na area; **sobre rodas:** flickers e trickers, BTT; **outras actividades:** videoclip, xogos tradicionais, xincana de aventuras, piscina xincana, piscina socorrismo; ruta ambiental e saída a Sada.

NOTA: Para ser admitido neste campamento **é necesario saber nadar.**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Aventura nas Mariñas	01-08/07	15-16-17	148 €	150001
	11-18/07	15-16-17	148 €	150002
	21-28/07	15-16-17	148 €	150003
	01-08/08	15-16-17	148 €	150004
	11-18/08	15-16-17	148 €	150005
	21-28/08	15-16-17	148 €	150006

Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.

2. ALBERGUE XUVENIL DE GANDARÍO (Bergondo)

Lg. Cornide Nº 20, 15167 Bergondo (A Coruña)
A 2 km de Sada (A Coruña) na estrada Sada - Betanzos.
T. 881 880 218

A instalación é un recinto natural de 50.000 metros cadrados situado á beira da praia de Gandarío, con amplas zonas verdes, instalacións deportivas, laboratorio de aula-mariña, salón de xogos, museos de bioloxía mariña e de arte xuvenil, salas de xuntanzas, zona de acampada con servizos e cafetería.

É a instalación da provincia máis apropiada para discapacidades físicas.

Ten liteiras. Os exteriores e as zonas comúns son de fácil acceso. Carece de material náutico e de actividades adaptado.



✓ ACTIVIDADES NO MAR

ACTIVIDADES

Náuticas: vela, TDV táboa (windsurf), canoa (caiac), paddle surf, wakeboard, donut; **outras actividades:** xogos deportivos, gran xogo, aula TIC mariña; **excursión náutica** (volta Ártabra) e **saída** (excursión a Sada e lugares de interese).

NOTA: Para ser admitido neste campamento **é necesario saber nadar.**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Actividades no mar	01-10/07	11-12-13	193,30 €	150007
	15-24/07	08-09-10-11	193,30 €	150008
	29/07-07/08	08-09-10-11	193,30 €	150009
	12-21/08	12-13-14	193,30 €	150010
	26/08-04/09	11-12-13-14	193,30 €	150011

*Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.*

CAMPAMENTOS TECNOLÓXICOS

NOTA: Para participar nestes campamentos non se esixe saber nadar. **As persoas que non saben nadar non poderán participar naquelas actividades que, de ser o caso, se desenvolvan na auga.**

✓ CREANDO O MEU VIDEOXOGO

ACTIVIDADES XERAIS: Achegamento ao desenvolvemento de videoxogos e á Intelixencia Artificial usando diversas contornas de creación. Os/as participantes poderán crear un videoxogo definindo a interface gráfica, os personaxes, a mecánica do xogo e facer uso da Intelixencia Artificial para obter comportamentos que se asemellen á realidade. Posteriormente poderán ensinar aos seus compañeiros/as a súas creacións.

CAMPAMENTO	QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Creando o meu videoxogo	31/08-07/09	12-13-14	148 €	150012

✓ A VISTA DE PAXARO. PRIMEIROS PASOS CON DRONS

ACTIVIDADES XERAIS: Achegamento aos fundamentos que permiten a creación, control e vo dun dron. Os/as participantes poderán coñecer os principios necesarios na tecnoloxía de drons, e mediante o emprego de ferramentas informáticas e manipulación de drons adaptados á súa idade, serán quen de comprobar os seus coñecementos e experimentar coas enormes posibilidades da tecnoloxía dos drons.

CAMPAMENTO	QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
A vista de paxaro. Primeiros pasos con drons	31/08-07/09	12-13-14	148 €	150013

✓ ADESTRANDO O MEU ROBOT

ACTIVIDADES XERAIS: Achegamento aos principios tecnolóxicos que son necesarios para a construción, o funcionamento e a mellora no control de robots sinxelos, mediante o emprego de ferramentas informáticas e o traballo en equipo, superando pequenas probas ou retos coa aplicación dos coñecementos aprendidos

CAMPAMENTO	QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Adestrando o meu robot	31/08-07/09	12-13-14	148 €	150014

*Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.*

3. CAMPAMENTO XUVENIL FURELOS (Melide)

Lg. Furelos, 15800, Melide (A Coruña)

A 1,5 km de Melide na estrada Lugo-Santiago de Compostela

T. 881 867 382

Está situado a carón do Camiño Francés. Ten capacidade para 60 prazas en tendas de campaña.

Ten un aseo adaptado. Os exteriores non están adaptados.



✓ NATUREZA NO CAMIÑO

ACTIVIDADES

Actividades de aventura e natureza: xincana de aventuras, orientación, sendeirismo, tiro con arco, aula da natureza; deportivas: bicicleta de montaña, spartan race, paleo training, canoa (caiac), xogos pre-deportivos e quidditch; outras actividades: karaoke, taller de relaxación; excursión e OllaMelide.

NOTA: Para ser admitido neste campamento **é necesario saber nadar.**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Natureza no camiño	01-10/07	12-13	146,70 €	150015
	15-24/07	08-09-10	146,70 €	150016
	29/07-07/08	11-12	146,70 €	150017
	12-21/08	12-13	146,70 €	150018
	26/08-04/09	08-09-10	146,70 €	150019

*Despóis do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.*

4. CAMPAMENTO XUVENIL VIRXE DE LORETO (Porto do Son)

Lugar Aguieira 8, 15978 A Aguieira, Porto do Son (A Coruña)

A 2 km de Porto do Son, na estrada a Noia

T. 881 867 233

O campamento está á beira do mar e ten capacidade para 150 prazas, en tendas de campaña. Ten un comedor cuberto, pista polideportiva e recinto cuberto para obradoiros.

Os aseos e os exteriores non están adaptados. Non están adaptados nin o material náutico nin as actividades.



✓ NATUREZA XUNTO AO MAR

ACTIVIDADES

Náuticas: caiac, surf, bodyboard, caiac surf; **aventura e supervivencia:** escalada, raid-escalada, bicicleta de montaña, tirolesa, tiro con arco, slack-line, longboard, rappel, orientación, vivac e primeiros auxilios; **diverpraia:** paddle board, skimboard, cometas; **outras actividades:** natureza mariña/biomergullo; **excursión** inmersión no Son.

NOTA: Para ser admitido neste campamento **é necesario saber nadar.**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Natureza xunto ao mar	01-10/07	11-12	172,50 €	150020
	15-24/07	11-12	172,50 €	150021
	29/07-07/08	08-09-10-11	172,50 €	150022
	12-21/08	08-09-10-11	172,50 €	150023

*Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.*

5. CAMPAMENTO XUVENIL ESPIÑEIRA (Boiro)


Costa de Espiñeira 81, 15930 Boiro (A Coruña)

A 2 km de Boiro. Autobuses desde Santiago de Compostela.

T. 881 867 237

A instalación dispón de 100 prazas en tendas de campaña. Ten pistas polideportivas, servizos hixiénicos completos e comedor cuberto.

Ten dous aseos adaptados. Os exteriores non están adaptados pero son de fácil acceso para cadeiras de rodas.



CANDILEXAS

ACTIVIDADES

Artes escénicas: teatro, circo, caracterización, danza, maxia, percusión, acrosport, arte na natureza, contos ao revés, ensaios teatrais e representación final; **outras actividades:** tiro con arco, xogo de aventura, festa Holi e festa da escuma; **excursións:** **Boiro e parque do río Coroño (inclúe praia con actividades por equipos:** volei, papaventos, brilé, petanca).

NOTA: Para participar neste campamento non se esixe saber nadar. No caso da actividade de praia ou de calquera outra actividade acuática, **as persoas que non saben nadar non poderán entrar na auga.**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Candilexas	01-10/07	14-15	146,70 €	150024
	15-24/07	14-15	146,70 €	150025
	29/07-07/08	14-15	146,70 €	150026
	12-21/08	08-09-10-11	146,70 €	150027

Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións..

✓ TALENTIA

ACTIVIDADES

Master class e dinámicas de grupo con Rubén Riós e convidados/as especiais: música, interpretación, lingua, redes sociais e mocidade, comunicación verbal e non verbal, improvisación, contacontos, asociacionismo xuvenil e activismo social, as representacións e presentacións, cástings, mímica, dirección, produción, o emprendemento no rural e a diversidade, dramatización e estimulación da memoria, a xuventude como motor de cambio, o guión e a personaxe, entrevistas. **Convidados/as especiais (segundo dispoñibilidade):** Benedicta Sánchez, Rocío Camaño, Paula Carballeira, Esther Estévez, Sabela Arán, Borja Mina, Irene Pérez e Lorena Quintas. **Excursións:** saídas pola natureza e praia da contorna. **Xogos:** as mulleres no cinema, stratego, noite de cástings, atrapa a bandeira, veladas con proxección de documentais e películas e coloquios.

NOTA: Para ser admitido neste campamento **é necesario saber nadar.**

CAMPAMENTO	QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Talentia	26/08-04 /09	08-09-10-11	146,70 €	150028

*Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións..*

6. GRANXA ZOO DE GRIXALBA (Sobrado dos Monxes)

R/Casal de Abaixo, 2. 15815 Grixalba. Sobrado dos Monxes. A Coruña

Coordenadas para GPS: 43°05'18.1"N – 7°58'15.2"W

T. 650 955 265

Complexo turístico en plena natureza no que se pode desfrutar da vida no campo. O complexo conta cunha infraestrutura de 7000 m². O Albergue con 450m² está destinado a estancia e aloxamento dos/as rapaces/zas e ten unha capacidade máxima de 45 prazas repartidas en habitacións con liteiras.

A instalación está adaptada a persoas con mobilidade reducida, incluíndo acceso, baños e zonas comúns. Dispón de ramplas onde é preciso.



✓ [A ALDEA PERDIDA](#)

ACTIVIDADES

Educación ambiental: obradoiro de coidado da horta, rastrexo no medio natural, coidado de animais domésticos; **obradoiros:** de alimentación e de artesanía; **outras actividades:** grandes xogos, xogos de pistas, tiro con arco e slack-line , xincanas, veladas, piscina e xogos acuáticos.

NOTA: Para ser admitido no campamento **é necesario saber nadar.**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
A aldea perdida	12-19/07	14-15-16-17	148 €	150029

*Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións..*

7. GRANXA ESCOLA BERGANDO (Negreira)

Monte Bergando, Negreira

Tel. 696840382

https://www.google.es/maps/dir/Santiago+de+Compostela/Granja+Escuela+Bergando,+Av.+Santiago,+15830+Negreira,+A+Coruña/@42.8812146,-8.7175852,24365m/data=!3m1!1e3!4m13!4m12!1m5!1m1!1s0xd2efe44e2dd71a7:0xe0146888c087e311!2m2!1d-8.5441729!2d42.8768606!1m5!1m1!1s0xd2ee38bf703552b:0x83f3336df1ac688f!2m2!1d-8.7213704!2d42.9150992?hl=es&entry=tту&g_ep=EgoyMDI1MDQwOC4wIKXMDSOASAFQAw%3D%3D

As instalacións constan de sala multiusos, zona de xogos, horta, invernadeiro, pista deportiva, piscina exterior, campo de painball, rocódromo, tirolina, cuadras, establos, aviario e picadeiro exterior e cuberto. Aloxamento en albergue con liteiras e comedor.

A instalación atópase nunha reserva forestal polo que os accesos ás zonas comúns non están asfaltados, o que dificulta o acceso en cadeira de rodas.

O albergue ten dúas plantas con liteiras. Carece de ascensor. Ten aseos adaptados.



✓ ECO CAMP LABREGO

ACTIVIDADES

Físico-deportivas: Equitación, xogos populares e cooperativos, piragüismo, escalada, natación, tirolina, tiro con arco, paintball. **Talleres:** manualidades, expresión corporal, cociña. **Agrícolas e gandeiras:** coidado de animais (coñecemento dos distintos animais, comida, limpeza...) actividades de horta e invernadoiro (coñecemento hortalizas, verduras, plantas aromáticas...) **Culturais:** visita á contorna próxima coñecendo a riqueza monumental da zona.

NOTA: Para participar neste campamento **non se esixe saber nadar. As persoas que non saben nadar non poderán participar naquelas actividades que, de ser o caso, se desenvolvan na auga.**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Eco-camp labrego	7-14/08	15-16-17	148 €	150033
	21-28/08	13-14	148 €	150034

Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións..

8. ALBERGUE MONTE DO GOZO (Santiago de Compostela)

Monte do Gozo – Rúa do Gozo, 18, Santiago de Compostela
Tel. 881 255 386

EN COCHE

Vés en coche? A estrada N-634 deixarache ás portas do Monte do Gozo. Tamén podes acceder desde a AP-9.

EN AUTOBÚS

Desde o centro de Santiago, é posible acceder ás inmediacións do recinto nas liñas de autobús urbano, 6 e 7.

Na liña 6, a túa parada é San Marcos.

Na liña 7, deberás baixar na rotonda de Aríns.


O complexo ocupa un amplo recinto de 65 hectáreas nunha zona, Monte do Gozo, de gran simboloxía para o Camiño, por ser o lugar desde o que o peregrino que percorre o Camiño Francés divisa as torres da Catedral por primeira vez.

O espazo distribúese na zona de albergue, na que se atopan os pavillóns de habitacións; a praza central, e a zona de lecer, que inclúe amplas zonas verdes, piscinas con solarío e mesmo un auditorio que é escenario de importantes citas musicais.

O albergue Monte do Gozo ten habitacións compartidas, con cuarto de baño.

As habitacións compartidas distribúense en estancias para 8 e 4 persoas, con 4 e 2 liteiras respectivamente.

Os exteriores e as zonas comúns están adaptados para persoas con mobilidade reducida. As habitacións teñen, maioritariamente, liteiras. Carece de ascensor.



CAMPAMENTO DE MÚSICA ROCK



ACTIVIDADES

Musicais: Clases de instrumento: Batería, canto, guitarra, baixo, teclado e ukelele; Combos: Formación de bandas e preparación do concerto final, Jam Sessions, veladas musicais.

Obradoiros musicais: Composición, historia do rock, formación musical de linguaxe musical e harmonía, técnico de son, medo escénico. **Estilos musicais:** Coñecer os estilos musicais máis significativos da música moderna, distinguir as características principais de cada estilo.

NOTA: Para participar neste campamento non se esixe saber nadar. **As persoas que non saben nadar non poderán participar naquelas actividades que, de ser o caso, se desenvolvan na auga.**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Campamento de música rock	19-26/07	08-09-10-11	148 €	150031

*Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.*

✓ CAMPAMENTO CREATIVO ARTÍSTICO

ACTIVIDADES

Creativo-artísticas: Obradoiros de ficción sonora, de fotografía (cianotipia.), de ilustración, de cerámica, de creación con distintos materiais: coiro, materiais reciclados..., musicais de cine e de moda. **Outras actividades:** medioambientais, deportivas, de cociña, xogos de mesa e piscina.

NOTA: Para participar neste campamento non se esixe saber nadar. **As persoas que non saben nadar non poderán participar naquelas actividades que, de ser o caso, se desenvolvan na auga.**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Campamento creativo artístico	10-17/07	08-09-10-11	148 €	150032

*Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.*

9. GRANXA ESCOLA GARATUXA (Mesía)

Lugar Fontorto, 13, Boado, 15686, Mesía, A Coruña
T. 648 872 609 – 641 109 716

Coller o desvío de Ponte Brates/Abellá na estrada N-634 dirección Boado. Se a dirección de marcha é desde Santiago de Compostela para Curtis-Oviedo, o desvío atoparase a man dereita, e se a dirección de marcha é cara Santiago o desvío atoparase á esquerda. Unha vez tomado o desvío, avanzar ata chegar a un cruce que pon "Punto Limpio" indicando xirar á esquerda, e seguir esa estrada ata chegar a "Casa de Bello".

As instalacións contan cunhas óptimas condicións de accesibilidade, deseño e construción. Dispoñen de abastecemento e auga quente sanitaria e sistema de calefacción. Todas as estancias teñen ventilación e iluminación natural. Contan tamén cunha zona de preparación de alimentos con todo o equipamento necesario para prestar o servizo de manutención; unha zona de comedor e unha zona polivalente para a reunión e realización de actividades en grupo. Dispón dunha planta alta que alberga habitacións con liteiras e o número de baños que cobre as necesidades das persoas usuarias do centro. Tamén conta cunha zona de horta ecolóxica, galiñeiro, lazareto, estanque de patos, conexeira e unha finca colindante destinada ás cabras e ovellas. Todo isto está disposto ao redor dunha gran eira perfecta para o desenvolvemento de xogos e actividades en gran grupo, presidida por un histórico hórreo de planta cadrada de dous pisos no que hai unha cociña na parte inferior e unha sala de xogos na segunda planta. Na parte traseira deste hórreo hai un xardín privado destinado á desconexión e o contacto coa flora.

A entrada sitúase nunha zona de planta baixa facilitando a accesibilidade ás persoas usuarias, de tal modo que unha persoa con mobilidade reducida poida gozar de todas as oportunidades ofrecidas polo albergue. Non obstante, o albergue carece de ascensor.

✓ O BOSQUE ANIMADO

ACTIVIDADES

Xogos: de presentación, musicais, de acecho, descuberta do Albergue Garatuxa, xogos tradicionais, xincana de auga. **Agrícolas e gandeiras:** obradoiro de compostaxe, plantación e coidado da hora, coidado dos animais. **Culturais:** cotidiáfanos, foliada **Excursións:** Gran xogo de Fontorto, piscina, ruta do Tambre. **Outras:** obradoiros de cociña, observación astronómica, obradoiro de pigmentos naturais, obradoiro de vivacs, Obradoiro de rastrexos e pegadas, orientación e Bushcraft, bingo de paxariños).

NOTA: Para ser admitido no campamento **é necesario saber nadar.**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
O bosque animado	2-9/08	14-15-16-17	148 €	150035

*Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.*

10. ALBERGUE MUNICIPAL DE CABANA DE BERGANTIÑOS (Cabana de Bergantiños)

Lugar a Carballa, s/n, Cesullas, 15116 Cabana de Bergantiños (A Coruña).

Acceso por estrada en coche; estación de tren ou autobús próximas. Pasa un autobús diariamente a intervalos regulares con saída da estación de autobuses de Carballo.

T. 690 610 065

O albergue está situado a pé da Ría de Cabana e ten acceso ás pistas polideportivas do colexio, 2 canchas de fútbol sala, cancha de baloncesto e parque infantil.

Consta de 45 prazas para durmir, divididas en tres módulos de 15 prazas por módulo. Conta con sala común de descanso equipada con sistema de audio e vídeo, zona de ocio con ordenadores e conexión a rede WIFI, comedor e cociña totalmente equipada.

Non conta con ascensor á primeira planta. Hai unha habitación adaptada a persoas con mobilidade reducida. O edificio está adaptado a persoas con discapacidade aos demais servizos: cociña, salón, recepción, etc.



✓ AVENTURAS NA PRAIA E NATUREZA

ACTIVIDADES

Deportivas: roteiro polo Camiño dos Faros e Valarés, xogos náuticos, xincana de xogos na area, paddel surf, caiac, tiro con arco e xogos na area; **excursións:** museo do Xogo Tradicional (Melga), saída polo Rego dos Muíños ata o Castro de Borneiro, Dolmen de Dombate (teatralizada), dunas de Monte Branco e lonxa de Laxe; **ambientais:** coñecemento da riqueza da flora e fauna do Esteiro; **outras activida**

NOTA: Para ser admitido no campamento **é necesario saber nadar.**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Aventuras na praia e natureza	27/07-03/08	14-15-16-17	148€	150030

*Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións..*

11. CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGROFORESTAL (Sergude)

Lugar de Quián
15881 Sergude - Boqueixón (A Coruña)

T. 881 867 325 | 881 867 326
Correo-e: cfea.sergude@xunta.gal



As características principais das instalacións son: Centro de formación agraria, gandeira e agroforestal, actuando como centro de referencia rural. Conta cunha residencia para estudantes cunha capacidade de 52 prazas en réxime de pensión completa. Dispón dunha área de comedor e cociñas. O centro céntrase na experimentación e formación práctica agroforestal. As instalacións foron obxecto de remodelación, incluíndo a mellora de eficiencia enerxética mediante fachada ventilada de madeira e renovación de instalacións de calefacción, incluíndo o uso de biomasa. Conta con 52 prazas en réxime de pensión completa e 25 prazas de comedor para cursos.



Dependente da Axencia Galega de Calidade Alimentaria. Nas instalacións do recinto teñen a súa sede diferentes Denominacións de Orixe e Indicacións Xeográficas Protexidas (Queixo de Tetilla, Mel de Galicia...), o que supón unha oportunidade para darlle a coñecer estes produtos ás persoas participantes, que poderán gozar de degustacións e descubrir diferentes elaboracións, así como visitar produtores locais e as propias sedes das D.O. e I.X.P.; unha ocasión única para poñer en valor estes produtos, tendo en conta a proxección nos medios da que goza a campaña de verán; e un marco de confluencia de diversas políticas da Xunta de Galicia nos ámbitos da xuventude, o medio rural, o medio ambiente, o turismo...

✓ EXPERIENCIA GALICIA CALIDADE DO VERÁN

ACTIVIDADES

Campamento temático centrado arredor da cociña e do medio natural. **Actividades de cociña:** iniciación á cociña e técnicas culinarias, cociña creativa, cociña quilómetro 0 (utilización de ingredientes locais, frescos e de tempada, cultivados ou elaborados en zonas próximas ao lugar de consumo), cociña do mundo, repostería; **Actividades lúdico-deportivas:** xogos colectivos, obradoiro de manualidades, coñecemento da flora da contorna e actuacións; **Saídas.**

NOTA: Para participar neste campamento non se esixe saber nadar. **As persoas que non saben nadar non poderán participar naquelas actividades que, de ser o caso, se desenvolvan na auga.**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Experiencia Galicia calidade do verán	1-8/08	13-14-15-16-17	148 €	150036
	10-17/08	13-14-15-16-17	148 €	150037

Despois do sorteo publicarase neste apartado a **CARTA INFORMATIVA** do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.